

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2013. NÚM. 11 /2013.-**

Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

### **CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)  
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)  
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)  
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. BEATRIZ IGLESIAS GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **INDICE:**

1.- Aprobación da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: dación de conta.....	páx.3
3.- Expediente de límite de gasto do exercicio 2014.....	páx.9
4.- Expediente de Orzamentos Xerais para o exercicio 2014.....	páx.11
5.- Aprobación definitiva do Plan de Sectorización do solo rústico de desenvolvemento “Trigueiriza”.....	páx.16
6.- Mocións do BNG.....	páx. 25
6.1.- Moción do BNG contra os crimes do franquismo.....	páx.25
6.2.- Moción do BNG pedindo a paralización da venda de Novagalicia Banco.....	páx. 27
6.3.- Moción do BNG contra a suba do canon de Sogama.....	páx. 29
7.- Solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde, a petición propia, en relación ás xestións realizadas para cambiar a rede de gas de Lalín de GLP a gas natural, e para explicar o proxecto de Depodeza en Mouriscade.....	páx. 30
8.- Rogos e preguntas.....	páx. 32

=====

Sendo as dez horas do día 2 de decembro de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral D<sup>a</sup>. *Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoa, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- EXPEDIENTE DE LÍMITE DE GASTO DO EXERCICIO 2014.-**

A Presidencia deu conta deste expediente coa proposta do Sr. Alcalde de data 25 de novembro de 2013. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 28 de novembro de 2013.

Na exposición da proposta, o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez***, explicou os grandes rasgos desta proposta. Indicou que os límites de gasto se calcularon segundo a regra do gasto e o límite de estabilidade orzamentaria, límites recollidos nas normas vixentes publicadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. O plan económico-financieiro do Concello aprobado supuña unha serie de limitacións obrigatorias que había que cumprir. Por elo non era un tema político, senón eminentemente técnico.

Polo grupo socialista ***D. Manuel María González Aller*** indicou que a postura do seu grupo neste eido era coñecida. Esta normativa que obrigaba a aprobar este límite ía contra a autonomía municipal, e así o dixeron antes, aquí no Concello e fora de aquí.

Non obstante si quería sinalar as contradicións desta normativa, que se ditou despois de que se gastase máis do que se podía, por exemplo facendo obras imposibles de soste ou desproporcionadas. Disto, Lalín era un exemplo.

A maiores, estaban en desacordo coa política do goberno e dos seus mandatarios que facían pagar a todos este despilfarro de cartos. Votarían non.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou o seu voto negativo. Coincidía co anterior voceiro en que estas normas se ditaron despois dunha época de despilfarro, sobre todo nas Comunidades Autónomas e nalgúns concellos. Doutra banda isto limitaba tamén a capacidade de endebedamento municipal, algo que rexeitaban.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que estas normas non eran as máis axeitadas para esta época de crise e de depresión, na que había que incentivar a actividade económica. Por coherencia votarían non.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmou que os grupos da oposición non se molestaron en estudar o expediente, e nen tan sequera procuraban informarse do mínimo. Lembrou que na comisión informativa se deron as explicacións oportunas.

Sobre o Concello de Lalín, afirmou que non se gastaba máis do que se ingresaba realmente. Este era o límite real da actual normativa: gastar unicamente o que se tiña.

Doutra banda os límites tamén existían para as Comunidades Autónomas. Polo tanto afectaba a todos. Non era unha norma que lles gustaba, porque fixaba topes de gasto público; aos que gobernaban lles prexudicaba. Pero había que deixar claro que limitar o gasto sempre axudaba á oposición.

En referencia ao voceiro socialista, afirmou que o límite do gasto era xusto o contrario do que dixo. De todos os xeitos, repetiu que o grupo socialista votaría en contra da proposta do grupo de goberno, como o facía sistematicamente, algo que era unha cuestión política máis que técnica. Remitiuse finalmente a que a Sr<sup>a</sup>. Interventora dera as explicacións que procedesen.

Tamén **D. Manuel María González Aller** dixo que o Sr. Alcalde falaba da comisión informativa, pero non asistiu e non podía saber o que se dixo realmente na mesma.

A culpa do que sucedía era dos dirixentes políticos causantes do despilfarro. Eles sempre dixeron o mesmo.

Pero doutra banda había que dicir tamén que non se entendía este límite do gasto que permitía recadar máis e aumentar a débeda pública municipal, como sucedeu en Lalín co gallo do Lalín Arena; finalmente cortaba a posibilidade, por exemplo, de gastar máis noutros fins municipais, como eran por exemplo, as axudas sociais. Por todo isto votarían en contra.

Volveu ratificarse na súa posición **D. Xesús Cordeiro Budiño**, do BNG. Non entendía a postura municipal neste tema. Se era certo como dicía o Alcalde que estaban en contra desta lei e do límite, que lles prexudicaba, e que favorecía á oposición: *¿por qué non votaban en contra da mesma, e botaban unha man aos que se opuña á lei?*

Do PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que a norma se aprobou polo Goberno Central, e tiña que regular o tema do gasto público dun xeito coherente e para este intre de crise económica. Algúns concellos levaron a cabo unha política mal feita con gastos desorbitados. Agora as medidas buscaban recadar máis e manter os servizos. Isto era unha incongruencia, porque estabamos en crise e non se debía buscar recadar máis, senón incentivar a actividade económica. Estaba en desacordo.

Finalmente o Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, repetiu o xa dito: aprobar o límite de gasto era un requisito, era un elemento vinculante para aprobar o orzamento; e eles tiñan que aprobalo porque así o esixía a normativa vixente.

Sometida a votación ordinaria o expediente coa proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14), dos concelleiros do PP.*

*Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do Concelleiro do PGD.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo, **APROBOUSE a proposta do seguinte tenor:**

Segundo establece o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiación das Comunidades Autónomas e Corporacións locais.

Existen dúas formas de realizar o seu cálculo, e unha vez realizados os cálculos polas dúas formulas deberá adoptarse o importe máis baixo. Así:

a) A primeira opción é calcular o Límite a partir da regra de gasto, dando unha contía de 11.908.018,61 €.

b) Na segunda opción trátase de calcular o Límite a partir dos cálculos da Estabilidade, dando unha contía de 11.886.753,22 €

En función desas dúas opcións, **o Pleno da corporación acordou:**

***“Aprobar como Límite de Gasto non Financeiro para o exercicio 2014 o importe de 11.886.753,22 €”.***

#### **4.- EXPEDIENTE DE ORZAMENTOS XERAIS PARA O EXERCICIO 2014.**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 28 de novembro de 2013.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez** comezou a falar felicitando ao equipo de Intervención pola elaboración en tempo e forma do expediente dos orzamentos para 2014, traballo que se fixo en mes e medio. Lembrou que cuns orzamentos prorrogados sempre habería problemas.

Sobre a filosofía destas contas, indicou que antes os orzamentos eran unha previsión ou un proxecto; agora, non: son un documento real en base aos ingresos recadados. O documento a aprobar era, pois, estable.

En materia de ingresos foi dando cifras capítulo a capítulo do 1, 2 e 3 e dos importes recadados en comparación dos anos 2013 e 2012, cos incrementos e diferencias, mencionando o IBI, a ausencia de previsión na venda de propiedades, o aumento na recadación do imposto de plusvalías, a baixa na

taxa de toldos, marquesiñas e mercados, a piscina e o Lalín Arena, sinalando que neste último caso se pasaba a considerar todo como unha instalación única.

En xeral, nos gastos o documento seguía a lei de orzamentos do Estado.

Sobre os soldos do persoal, indicou que todo seguía igual.

Os soldos dos membros da corporación seguían igual. Os capítulos 1 e 2 eran moi similares aos do 2013.

Había unha redución de alumeados, por apagado de farolas e pola política de aforro emprendida polo Concello. Seguía revisándose o consumo, factura a factura, para conseguir aforro.

Os gastos do Lalín Arena se incrementaban.

O capítulo 3 de gastos representaba o 2,26% do orzamento e o 9,37% coa amortización, é dicir todo incluído.

As subvencións a clubs deportivos tiñan un aumento importante, o que reflectía o apoio polo deporte do grupo de goberno.

Sobre os gastos da Mancomunidade precisou que había un incremento na aportación a esta entidade, a consecuencia de asumir a parte correspondente dos gastos de mantemento da depuradora de Losón, en uso compartido co Concello de Vila de Cruces.

Sobre cemiterios, había previsto unha expropiación de terreos. E tamén había previsións para a biblioteca.

Había recortes en algunhas partidas. O Lalín Arena pasaba a outra diferente. En persoal os Planes de Cooperación e Planes de Fomento de Emprego da Deputación Provincial e o Obradoiro de Emprego.

O gasto de lixo só se subía o 80 % do IPC na taxa.

Había que definir algunhas partidas con cambios, como era o préstamo para o Lalín Arena, a hipoteca sobre o préstamo xa cancelado.

Sinalou que en Protección Civil xa non había subvención.

Había un acordo con Sogama para empezar a pagar e devengar a suba anunciada a partires do primeiro de xullo do ano que ven.

A limpeza viaria levábase a UTE LALÍN SOSTIBLE. Na UnNED realizábase un aforro importante.

No eido de cultura máis en deportes investíanse 1.500.000 €.

Finalizou sinalando que o orzamento que se presentaba era moi estable, e por elo esperaba que fose mellor o ano 2014 co actual. Xa se vería na súa execución que sería máis fácil e axeitado.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** manifestou, en primeiro lugar, a súa protesta persoal e formal, porque non se lle enviaba o documento de xeito telemático, algo que si sucedía por exemplo na Mancomunidade Terras de Deza. Non se explicaba como sendo este edificio o castro tecnolóxico, non se empregaban as novas tecnoloxías e facilitábaselle deste xeito a documentación, facendo copias e gastando papel e cartos.

Os orzamentos eran os máis axustados e os gastos xa estaban case todos comprometidos. A recadación ía a menos, salvo o IBI que aumentaba nada menos que o 30 % en tres anos.

Non lle parecían lóxicos os recortes que recollían en materia de persoal xa que o persoal de confianza subía o seu soldo nun 16 %, algo que non se explicaba: *¿por qué había estas subas a este persoal político?*

Alegábase que as funcións eran novas, pero era un engano, porque nin o asesoramento, nin os traballos de elaboración de mocións, eran razóns que explicasen as subas do soldo deste persoal. O Sr. Alcalde dixo que era unha facultade súa.

Sobre os gastos do Lalín Arena, instalación que entrou en funcionamento desde principios de setembro do ano pasado, non había moito que dicir, salvo o xa falado.

Do parking Europa non se informou nada e agora un decreto demostraba que hai un contencioso-administrativo interposto pola outra parte. Había este preito, outro do Auditorio e non sabían se había máis conflitos xudiciais.

Como cada ano había un remanente importante de crédito de libre disposición, posto que había vinte vacantes de persoal dotadas, que non se cubrían. Isto permitía ao grupo de goberno

dispoñer dese importe para facer obras á súa discreción e ao antoxo do Sr. Alcalde. Non había diñeiro para outros investimentos, pero si cartos para as obras que lle pedían os amigos.

En xeral non se comprometen novos gastos, xa que non hai novos servizos nin aumento nos gastos sociais, e só ían os previstos e concertados en anos anteriores.

O seu grupo avogaba por aumentar o gasto social neste momento de dificultades económicas, para que os veciños non tivesen que pedir limosna. Criticou a ***Campaña ningún neno sen xoguete***, na que se esixe como requisito que se estea empadroado en Lalín. Pediu que se suprimise isto.

Amosouse contrario á suba do IBI, xa que había donos de pisos en Lalín que pagaban moito máis que outros que tiñan verdadeiras mansións no rural.

Indicou que había unha partida de cen mil euros para a rehabilitación do Concello vello e destinada á biblioteca. *“Ponno no papel”*, díxoo, a petición do Sr. Alcalde, que non o cría.

En canto ao pretendido aforro enerxético, sinalou que a rebaixa do gasto era mínima, e que non chegaba a alcanzar o investimento acometido en novas tecnoloxías para aforrar. Había bombillas sen repoñer, outras estaban sen apagar e sempre acendidas; e gastamos moito en plans de novas tecnoloxías. Tiña que xerar moito máis aforro do que constaba.

En deporte e cultura había que falar dos gastos de antes e agora. Antes, a empresa que xestionaba o Lalín Arena cobraba do Concello dúas axudas e tiña perdas. Agora, se sacamos 1.400.000 do Lalín Arena, segundo as contas do ano 2012, quedaban 732.000 €. Agora hai 800.000. *¿O incremento non era real? ¿Haberá algunha explicación?* Non se sabe.

Sobre os ingresos, indicou que para pagar os préstamos das bicicletas se recadaron só 110 €.

En suma estes orzamentos para o ano 2014 non atendían as necesidades reais dos cidadáns, só servían para manter as megaconstrucións que fixo o grupo de goberno estes anos de atrás.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** expresou que este orzamento era o orzamento do Lalín Arena. Houbo un salto importante nas contas municipais para liquidar esta obra, cun aforro de 200.000 € que se imputarían aos veciños, porque o pagarían sen usalo.

Non eran uns orzamentos estables, porque xeraban moitas máis incertidumes. Non son obvios, polos límites e recortes, en alusión ao voceiro Sr. *Román Rodríguez*, porque hai que ir a préstamos, referíndose ao de Lalín Arena.

Ao parecer unha parte do crédito xa está pagado; en concreto amortizouse o subscrito co Banco Santander, importe abonado coas rebaixas dos soldos dos funcionarios, algo que non era xusto, porque o goberno baixaba o soldo aos funcionarios e isto aproveitábase para gastar en débeda.

Sobre a ausencia de investimentos nos futuros orzamentos deste Concello, sinalou que xa o anticipou estes anos de atrás, e agora se ve que era certo. A verdade era que non hai un euro para obras como o Centro de Día, o CAR, a Ampliación do Lalín 2000, e outras obras e demais investimentos que axudarían a fixar poboación en Lalín e no rural.

Tampouco había nada recollido para gastar en formación de emprego, aspecto moi necesario nestes intreos de crise económica e elevada taxa de desemprego.

Baixábanse as previsións de recadación do ICIO, lembrando que se ingresaba un importe ridículo, e grazas a algunhas iniciativas económicas.

O tema da recadación por aluguer de bicicletas era inquietante: 110 € recadados.

Non entendía como se calculaba con tantos números e detalle o límite de gasto e logo había un despilfarro tan grande no tema das bicicletas. Era unha contradición, porque se dicía que se quería aforrar.

Salientou que non había investimentos no documento, salvo o previsto para o Pazo de Liñares.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que estes orzamentos eran necesarios para abordar a difícil realidade social e económica que había. Non obstante amosou a súa preocupación polos recursos e a excesiva burocracia, que agora coa informática se quería reducir. Non estaba de acordo cos recortes que se proxectaban. Votaría negativamente.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** afirmou que era normal que nun debate dos orzamentos coma este, un dos máis importantes que había cada ano, a oposición criticase e dixese que todo ía mal, e que o goberno defendese o que facía. As críticas eran lóxicas, pero inxustas. Non procedían as verbas do voceiro socialista sobre a comparación cos datos do orzamento de 2013.

Por alusións **D. Manuel María González Aller** afirmou que o último orzamento liquidado era de 2012. Polo tanto só podía compararse este orzamento en debate con aquel.

De novo no uso da palabra, o voceiro popular, **D. Román Rodríguez González**, afirmou que os orzamentos eran realistas, e que había un remanente positivo importante que se podía utilizar. Os gastos ían por baixo dos ingresos. Todo isto debíase ao custo das obras do Lalín Arena e ao prezo de rescate. Isto era o que había.

Había que aclarar que o 50 % dos contribuíntes por IBI verían conxelados e reducidos os seus recibos; na outra metade restante, subirían. A rebaixa aplicábase aos inmobles con valores catastrais superiores aos niveis previstos, pagando menos.

En canto ás taxas polo uso de Lalín Arena, sinalou que supuña un aforro importante ao unificarse as dúas instalacións e acometer o Concello a xestión do mesmo.

A taxa do lixo se subía soamente nunha parte importante do IPC (o 80 %). O incremento do 34 % non empezará a aplicarse ata o mes de xullo. A día de hoxe, non había outra alternativa a Sogama, creada e en funcionamento.

O aforro, obtido en salarios que se conxelaban, supuña seguir coa política de aforro que se buscaba en todos os eidos. Había 500.000 € en fondos propios para investimentos, algo que era importante, e que no se dixo.

Confiaba en que a recuperación do Lalín Arena fose ben, porque foi magnífica a operación realizada.

Houbo unha reorganización de persoal, con fondos para Planes de Emprego, Formación, Cooperación, Obradoiro, en base a contratar a persoal temporal e a tempo parcial.

Lembrou que do 7% de redución de salarios que houbo desde o ano 2010 ata hoxe, un 5 % atribúese ao goberno do Sr. *Rodríguez Zapatero*; o dous por cento restante, ao goberno actual.

Os cambios que había no persoal eventual ou de confianza nos complementos de produtividade e específicos eran cambios que se explicaban porque varias destas persoas traballaban para o conxunto do grupo de goberno e non para unha soa persoa que era o Sr. Alcalde. Coidaba que a oposición trastocaba e manipulaba os datos para xustificar a súa postura.

Diciase que había pouca consignación para deportes, pero o que se trataba era de por enriba da mesa o novo sistema durante un ano con xestión directa municipal, e logo ver o resultado que había.

En servizos sociais excedéronse os edís da oposición nas súas críticas. Os Servizos Sociais de Lalín eran un modelo a seguir, e dábanse moitas axudas. Non procedía falar de limosnas, como fixo a oposición; *“se falasen e gobernasen vostedes, falarían de solidariedade”*, sostivo.

Nin era moral nin era ético o que se dixo sobre os nenos e os xoguetes. Sempre foi así desde o ano 2006. De todos os xeitos afirmou que ningún neno se quedaría sen xoguetes.

En investimentos había varios temas. Recollíase o importe de adquisición dos terreos da ampliación do cemiterio que ían na Modificación Puntual. Había que ter en conta a alta mortalidade en relación coa escasa natalidade.

A biblioteca constaba así nos orzamentos por cuestións técnicas, pero non se sabía o fin para o que se destinará o vello edificio do Concello, un fin social ou de equipamento. Estaba por estudar este tema con varias opcións, mesmo vencellando este uso coa utilización das instalacións da vella piscina.

A débeda municipal era do 8,2 % e, sacando ao Lalín Arena, o 3,4%. Aínda gastando os cinco millóns nos préstamos de Lalín Arena, báixase a débeda municipal.

En liñas xerais, o orzamento recollía algúns principios como: conxelación dos impostos e a racionalización do plantel municipal.

En xeral metéronse cartos en manter os servizos.

Criticou as verbas da oposición. Consideraba que á oposición lle gustaría que os orzamentos fosen irrealis, que se metesen nun fondo e que o Concello non tivese liquidez para facer unha crítica dura. Pero a realidade era outra. O Concello de Lalín pagaba en trinta días, con aprobación de facturas. Dixo que: *“Temos autonomía financeira para acometer obras. O Concello dispón de cartos e ten liquidez. A estabilización fíxose aforrando. Somos un dos poucos concellos que presenta en tempo e forma os orzamentos”*, afirmou.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** precisou que se daba aos clubs como subvención en deportes para 2013 pasaba de 30.000 a 60.000 €. O Rally do Cocido percibiría 6.000 € e a Escola de Fútbol levaría 14.000 €. Atenderíase ao estadio Manuel Cortizo, sempre experimentando e procurando mellorar a xestión.

Na segunda rolda **D. Manuel María González Aller** salientou que non aceptaban que todo viñese imposto e haxa que apoialo. Lembrou que o seu grupo non participou en nada en relación coa concesión, nin co rescate do Lalín Arena.

O único que vían ben era a subvención para a Escola de Fútbol.

A biblioteca funcionaba ben, pero podía funcionar mellor. Non dixo o que **D. Roman Rodríguez** lle atribuíu. Só sostivo que tamén podería funcionar mellor.

Houbo convivencia co Sr. Alcalde neste tema. Lembrou que houbo sinaturas de veciños pedindo que o *Museo do Títere* fose para o vello edificio do Concello.

En canto aos ingresos do IBI en 2013, volveu a resaltar a excesiva suba dun 30 % en tres anos e que daba como resultado uns valores catastrais dos inmobles moi elevados. Estaban en desacordo tamén co feito de que os edificios no casco urbano pagasen máis que algunhas casas ou chalets no rural, que gozaban dunha bonificación do 60 % e que en determinados casos eran verdadeiras mansións e un luxo. Isto era inxusto, seguirían protestando e reclamando a súa corrección.

No tema do taxa do lixo, destacou que o Concello abonaría a elevada suba do 34 % que Sogama aplicará a partires do mes de xullo aos concellos, pero que en realidade esta suba a pagarían os veciños de Lalín.

En canto ao persoal salientou que: *“Dirá o Alcalde o que queira sobre as funcións que van ter agora e o que facían antes, porque agora coas mesmas atribucións se subía á Secretaría do Sr. Alcalde a 27.000 e a outro 35.000 €”*. Non estaban de acordo.

Sobre o Lalín Arena, indicou que en deportes ía case todo, e sacándolle a subvención que se lle viña dando ao Lalín Arena, quedaban libres só uns 110.000 €.

Sobre a piscina vella, manifestou estar en total desacordo coas actuacións municipais. Foi e era unha verdadeira pena o que se fixo de cerrar esta instalación e que hoxe estivese sen utilizar. Lembrou que foi unha instalación que se utilizou polos escolares, que serviu para celebrar competicións oficiais e que estaba considerada coma un dos mellores vasos de Galicia. Agora a nova instalación non servía para algúns destes usos. Como grupo acertaron en todo o que dixeron cando se ía construír a nova piscina, e opuxéronse a que se pechase a vella.

Por alusións o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** precisou que o grupo político do anterior voceiro se opuxo sempre, salvo en campaña electoral.

Seguindo no uso da palabra, **D. Manuel María González Aller** pediu que se preparase un certificado de Intervención sobre os gastos do Lalín Arena. O tempo dirá se teñen ou non razón no que se di agora. De todos os xeitos quedaba claro que a xestión do Lalín Arena foi un fracaso rotundo e total, tal e como sostivo o grupo socialista, incluíndo como se tramitou este expediente. A xestión deste tema foi un total fracaso e un fallo do goberno municipal. Había que sumar outros asuntos, outros temas como era o do parking Europa, que xa levaba catro anos pechado e sen solución á vista. Finalmente criticou o feito de esixir o empadramento aos nenos para participar na campaña *“Ningún neno sen xoguete”*, vía inmoral presionar deste xeito.

Coidaba normal que se pedise estar empadroados para escolarizar aos nenos, pero non para dar regalos ou xoguetes de Nadal.

Tamén **D. Xesús Cordeiro Budiño** ratificouse no xa dito antes. Seguiu afirmando que os valores catastrais das fincas do IBI desde o ano 2004, en que entrou en vigor a ponencia, estaban moi elevados. E cumpría retomar este tema, ben coa elaboración dunha nova ponencia ou doutro xeito. Coidaba que a política do goberno de aforrar cartos estaba xustificada ata certo punto, porque do que se trata é de xestionar os recursos públicos. Por exemplo, non estaban de acordo en que coas medidas de aforro adoptadas se pagasen os préstamos e o rescate do Lalín Arena, porque en definitiva pagaban os veciños varias veces a instalación, a usen ou non.

Tamén se ratificou no xa dito **D. Camilo Conde López**. Había cuestións estruturais que había que abordar e desde logo defectos na xestión municipal dos recursos públicos que lle preocupaban. Os orzamentos non lle conviñan e votaría negativamente.

Noutra rolda, **D. Román Rodríguez González** dixo que podía haber usos máis dignos para o vello edificio do Concello. O seu uso non estaba decidido e a opción de instalar alí o *Museo do Títere estaba aí*. Desde logo non había manipulación deste tema polo grupo de goberno. Para tomar unha decisión, había que ver o uso futuro da vella piscina e conxugar todas as posibilidades para tomar unha decisión.

Os orzamentos chegaban a 13.400.000 € e non alcanzaban os 15.000.000 € doutros anos.

O IBI contaba no rural cunha bonificación do 60 %, e ningunha na zona urbana. Isto era xusto e así o defendeu antes e agora o grupo municipal. Lembrou que todo viña de cando se elaborou a ponencia, na que os valores en solos de núcleo rural eran iguais que os de solo urbano, porque non se distinguía esta clase de solo. Puxo como exemplo a casa da súa nai, na que os valores catastrais inicialmente excedían case tres veces o prezo. Logo reduciuse. De todos os xeitos, neste tema pediu ao voceiro da oposición que faga unha proposta concreta para poder estudala.

Noutra orde de cousas, afirmou que o problema en Lalín era que non baixe dos 20.000 habitantes, polos danos e prexuízos que ocasionaría a todos, mesmo na comarca.

Houbo de seguido un debate entre todos os voceiros sobre esta actividade de empadramento, a campaña municipal, os casos particulares, e críticas e defensas do que se facía entre o grupo de goberno e a oposición.

De seguido empezou outro debate entre todos os voceiros, socialista, o nacionalista popular e o Sr. Alcalde sobre a campaña de *“Ningún neno sen xoguete”*.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) dos Concelleiros do PP.*

*Votos en contra: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.*

*Abstencións: ningunha.*

En consecuencia, **APROBOUSE** a proposta do expediente e adoptouse o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente dos orzamentos do Concello de Lalín para o exercicio 2014, comprensivo do orzamento da propia entidade nivelado, en gastos e ingresos nun montante de doce millóns cincocentos quince mil cento setenta e dous euros, con setenta e seis céntimos de euro (12.515.172,76 €) e do orzamento do Padroado Cultural, nivelado así mesmo, en catrocenos cincuenta e cinco mil euros (455.000 €).

**SEGUNDO.-** Aprobar o cadro do persoal funcionario, a relación de postos de traballo e cadro do persoal laboral do Concello de Lalín.

**TERCEIRO.-** Expoñer ó público este expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por espazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno.

O orzamento considerase definitivamente aprobado de non se presentar reclamación algunha.

O Presuposto xeral, definitivamente aprobado, deberá insertarse resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, para o seu xeral coñecemento e efectos.

## **5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO DE DESARROLLO “TRIGUEIRIZA”.**

Deuse conta pola *Presidencia* deste expediente que inclúe a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo e Vivenda de 22 de novembro de 2013. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 28 de novembro de 2013.

Polo grupo municipal do PP, **D. Román Rodríguez González** sinalou que este expediente se tramitou por iniciativa particular a instancia da sociedade Trigueiriza S.L. Pasou os trámites e os filtros correspondentes de todos os organismos oficiais, entre eles os da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cos informes favorables. A edificabilidade que recollía non era nada alta, do 0,3 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. Había uns vinte mil metros de espazos públicos máis do que marcaba a normativa. Agora, tras os trámites realizados, non quedaba máis remedio que aprobalo definitivamente. Había unha zona sensible de espazo público que era o terreo xunto ao regato. En suma, era positivo que houbera unha iniciativa empresarial para Lalín, nun momento en que non se movía nada.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo que este expediente por mor das delegación na Xunta de Goberno non se puido ver moito. Sorprendía que non houbera o trámite de avaliación ambiental estratéxica, ao igual que si se tramitou noutros expedientes. O plan contemplaba que quedaría unha plataforma construída para o centro comercial, e logo habería un corte acusado no terreo. Reiterou que entendía que debiera tramitarse esta avaliación ambiental denegada.

Chocáballe que todos os informes dos técnicos eran sempre favorables; pero logo os sectoriais eran os condicionantes. Os técnicos estaban a favor do expediente, pero logo viñan as precisións dos organismos oficiais, algo que non se entendía, porque se supuña que os técnicos defendían os intereses municipais.

Votarían non porque o planeamento de Lalín esixía uns trinta mil metros contínuos; agora xa estaba construído o vial; aquí tiñan dúbidas. Quitando isto, non vían ningún outro motivo para opoñerse.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** manifestou que este centro que se instalaría suporía unha maior competencia comercial para os comercios locais; tería repercusión nos mesmos e noutros centros coma Eroski.

Doutra banda salientou que os promotores tiñan dereito a instalarse como calquera outro, e xeraría postos de traballo. Por todo isto, con razóns a favor e en contra, absteríanse.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que a instalación deste centro comercial tería efectos positivos, pero tamén negativos para o comercio local. Por elo, absteríase.

Polo grupo de goberno de novo, **D. Román Rodríguez González** afirmou que non habería avaliación ambiental estratéxica porque a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas rexeitou esta opción.

Sinalou que o desenvolvemento deste sector non alteraba o entorno xeral. A zona do río era un sistema xeral, pero as marxes eran propiedade pública, con servidumes legais.

Indicou que o vial de arriba xa estaba construído e fragmentaba a zona, pero era parte do sector, no que os donos cederon anticipadamente os terreos do mesmo mediante un convenio urbanístico. O ámbito de actuación, o sector, era único e incluía esta parte; isto mesmo pasou noutras zonas como foi en Lalín de Arriba. Se non houbo esa cesión anticipada dos terreos, habería que urbanizalos; agora xa o estaban, pero computaban e se tiñan en conta co seu aproveitamento urbanístico correspondente, porque estaban dentro do mesmo sector.

En canto aos informes técnicos e ás indicacións da Xunta de Galicia, rexeitou que houbo algún trato de favor; ao contrario, tramitouse co máximo control; cando había algunha dúbida, se botou para atrás e houbo varias exposicións ao público. Coidaba que todo estaba ben controlado, o expediente ía polo libro e co maior escrúpulo posible; el así o pediu aos técnicos municipais.

De novo **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** insistiu en que os informes técnicos eran favorables, e cambiábanse cando os informes sectoriais e de fora poñían condicionantes, ata dez deles nun da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, malia que o Concello contaba cun asesor contratado.

Rematou esta rolda de intervención o Sr. Alcalde-Presidente. **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que en todos os planes xerais ou parciais que se tramitaron e que se aprobaron no Concello había condicionantes nos informes sectoriais.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14), dos Concelleiros do PP.*

*Votos en contra: catro (4) dos Concelleiros do PSdeG-PSOE.*

*Abstencións: tres (3) das cales dúas (2) foron dos concelleiros do BNG e unha (1) do Concelleiro do PGD.*

Xa que logo, **APROBOUSE o expediente, xunto coa proposta co seguinte tenor:**

O Plan de Sectorización do Solo Rústico de Desenrolo “*Trigueiriza*” de iniciativa particular da entidade Avenida Trigueiriza, S.L. contén o planeamento de desenvolvemento no ámbito do solo rústico de desenvolvemento (SR-D) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín na paraxe coñecida como A Trigueiriza, ó norte do núcleo urbano de Lalín e da rúa Trigueiriza, a ambas marxes do viario SG-V5 e colindante co arroio de Balados (SR-P.3 Cauces e Ribeiras) destinados a espazos libres e zonas verdes públicas. Esta actuación urbanística afecta a unha superficie de 40.035 m<sup>2</sup> e o uso previsto é mixto terciario-comercial e residencial.

Considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable á vista do informe previo favorable emitido pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo – Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 30 de setembro de 2013 e con base no informe técnico emitido polo arquitecto-asesor urbanístico e o arquitecto técnico municipal de data 15 de novembro de 2013 e xurídico do Secretario Xeral do 20 de novembro de 2013.

Xa que logo, procede a súa aprobación definitiva de conformidade co procedemento previsto no artigo 86.1.f) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio

rural de Galicia (LOUGA), e o artigo 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **polo que o Pleno da Corporación adoptou o seguinte ACORDO:**

Primeiro.- Rexeitar e desestimar as alegacións que seguidamente se indican, con base nos motivos recollidos no informe técnico sobre as alegacións presentadas redactado polo asesor urbanístico municipal, D. Javier Bugallo Thielen con data 23 de novembro de 2012:

**1.- Alegación nº 1, presentada por D. Amadeo López Cuñarro, en escrito de data 24 de xullo de 2012 con entrada municipal núm. 4730, representado por D. Carlos A. Couso Folgueiras.**

#### RESUMO DA ALEGACIÓN:

En calidade de representante de **D. Amadeo López Cuñarro**, titular do terreo n.º 2 (parcela n.º 16, polígono 63 do catastro de rústica de Lalín) incluído dentro do ámbito delimitado do Plan de Sectorización, solicita data e hora para a consulta do expediente.

#### CONTESTACIÓN:

Non se estima procedente a solicitude formulada, por canto en cumprimento do establecido no artigo 86.1.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, segundo redacción dada coas súas modificacións posteriores, o anuncio de información pública sobre a aprobación inicial do Plan de Sectorización foi publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 127, do 4 de xullo de 2012, en dous xornais da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, establecéndose o prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación para que poida ser examinado e presentar, se é o caso, alegacións a este na Secretaría Xeral do Concello; non sendo polo tanto necesaria a citación previa para proceder á devandita consulta.

**2- Alegación nº 2, presentada por D. Antonio Varela Otero, en escrito de data 25 de xullo de 2012 con entrada municipal o día 26 de xullo de 2012 e núm. de rexistro 4747.**

#### RESUMO DA ALEGACIÓN:

En calidade de titular do terreo n.º 3 (parcela n.º 17, polígono 63 do catastro de rústica de Lalín) incluído dentro do ámbito delimitado do Plan de Sectorización, formula no seu escrito un total de 8 alegacións:

- 1.- Que ten un interese lexítimo por ser propietario afectado.
- 2.- Infracción do procedemento, por falta de sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica e da exposición pública do expediente completo.
- 3.- Incumprimento de límites de sostibilidade e de estándares urbanísticos do PXOM.
- 4.- Incorrecto cálculo de densidade de vivendas.
- 5.- Infracción por incorrecta configuración de zona verde.
- 6.- Incorrecto cálculo da superficie do sector para os efectos da edificabilidade máxima materializable.
- 7.- Incorrecto cálculo do Aproveitamento Tipo.
- 8.- Falta de acreditación da suficiencia das redes de servizos.

Solicita que o órgano plenario competente se absteña de proceder á aprobación provisional do documento exposto.

#### CONTESTACIÓN:

Non se considera procedente a alegación 1, por canto a lexitimación do interesado, como titular de terreo afectado por esta actuación, xa está expresamente recoñecida no expediente en tramitación.

Non se considera procedente a alegación 2, por canto os plans de sectorización, entre outros instrumentos de ordenación do territorio e de plan urbanístico, son obxecto de avaliación ambiental estratéxica cando, en conformidade co prescrito no artigo 5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, así o decida o órgano ambiental en cada caso. De acordo co establecido no artigo 6 do mesmo texto legal, para os efectos establecidos na Lei 9/2006, do 28 de abril, as funcións correspondentes a ese órgano son exercidas pola consellería competente en materia de medio ambiente, que con data 26 de outubro de 2011 acorda non someter ao procedemento ambiental estratéxico o Plan de Sectorización do S.R.D. "Trigueiriza".

O expediente completo foi obxecto de nova exposición pública, unha vez incorporados os títulos de propiedade da promotora, así como o Anexo-Informe Memoria de Sostibilidade Económica. O convenio para a obtención anticipada de terreos necesarios para a execución do sistema xeral viario SG-V5 formalizouse dentro do procedemento de tramitación do expediente expropiatorio iniciado polo Concello para a execución do citado sistema xeral.

Non se considera procedente a alegación 3, por canto a Disposición Transitoria Primeira, apartado d) da LOUGA establece:

"/.../

*Nos municipios con plan xeral de ordenación municipal adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, os plans parciais e plans de sectorización que se aproben haberán de acomodarse integramente ao disposto na presente lei, coa particularidade de que serán de aplicación os usos e intensidades fixados polo vixente plan xeral, se é o caso, sempre e cando se aprobe o instrumento de xestión no prazo máximo de tres anos, a contar a partir da entrada en vigor da presente lei de modificación*

*/.../".*

O P.X.O.M establece no seu artigo 240 do Libro Primeiro da súa normativa, que a densidade máxima do plan de sectorización, sen incluír sistemas xerais, non poderá superar as trinta e cinco (35) vivendas por hectárea, nin unha edificabilidade superior a 0,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, salvo para usos terciarios ou dotacionais que será de 0,6 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>; sendo a densidade máxima de vivendas de 34,9 viv/Ha. de uso residencial e a edificabilidade máxima lucrativa do Plan de Sectorización de 0,391 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

A superficie total de Sistemas Xerais adscritos que figura no Plan de Sectorización é de 9.113,15 m<sup>2</sup>, dos que 5.093 m<sup>2</sup> corresponden a Espazos Libres e Zonas Verdes, 303,15 m<sup>2</sup> a Equipamentos e 3.717 m<sup>2</sup> a Viario, sendo superior á reserva mínima do 25% da superficie do sector que establece o P.X.O.M (25 % de 30.921,85 m<sup>2</sup>= 7.730,46 m<sup>2</sup>). Así mesmo, cómpre coas reservas mínimas de solo para sistemas xerais establecidas no artigo 47 da lei, que establece para o sistema xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes de uso público 15 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup> edificables de uso residencial (909,45 m<sup>2</sup>) e para o sistema xeral de Equipamento comunitario de titularidade pública de 5 m<sup>2</sup> por cada 100 m<sup>2</sup> edificables de uso residencial (303,15 m<sup>2</sup>) que en conxunto supón unha superficie total de sistemas xerais de 1.212,60 m<sup>2</sup>, cifra moi inferior á superficie de 9.416,30 m<sup>2</sup> prevista no Plan de Sectorización.

Non se considera procedente a alegación 4, por canto a densidade de vivendas (en número de 55) prevista no Plan de Sectorización é de 34,9 viv/Ha. de uso residencial, sendo, no caso de considerarse toda a superficie do sector e non soamente a do uso residencial senón tamén a comercial, de 18 viv/Ha, densidades, en calquera caso inferiores á establecida no P.X.O.M de 40 viv/Ha.

Non se considera procedente a alegación 5, por canto a superficie citada de 303,15 m<sup>2</sup> corresponde, segundo a ordenación establecida no Plan de Sectorización, a Sistema Xeral de Equipamento (SG-EQ) e non a Zona Verde, non sendo de aplicación o comentado polo alegante respecto a zonas verdes e espazos libres.

Non se considera procedente a alegación 6, por canto o cálculo da edificabilidade máxima lucrativa que establece o Plan de Sectorización se realiza sobre a superficie do sector, isto é, excluindo as superficies correspondentes a sistemas xerais. Así mesmo, segundo o devandito plan, no cómputo da superficie do sector non se incluíu a correspondente ó cauce de auga existente.

Non se considera procedente a alegación 7, por canto o cálculo do Aproveitamento Tipo que figura no Plan de Sectorización se realizou en conformidade co establecido no artigo 114 da LOUGA, sen incluírse ningún terreo afecto a dotacións públicas de carácter xeral ou local existentes no momento de aprobación do plan xeral que se manteña. Así mesmo, a edificabilidade lucrativa do Plan de Sectorización, como se comentou con anterioridade, non supera a máxima permitida polo plan xeral, sendo tamén o uso característico o terciario exento, por ser o uso e tipoloxía maioritario no ámbito do Plan de Sectorización con 6.039 m<sup>2</sup>c, fronte ao uso residencial nas súas distintas tipoloxías unifamiliar (2.421,00 m<sup>2</sup>c) e multifamiliar, esta tanto nas súas modalidades libre (1.216,80 m<sup>2</sup>c) e protexida (2.425,20 m<sup>2</sup>c). Os coeficientes de ponderación considerados no Plan de Sectorización obedecen aos establecidos na Memoria do P.X.O.M para as áreas de reparto con ese uso e tipoloxía característicos.

Non se considera procedente a alegación 8, por canto o Plan de Sectorización incorpora no seu Anexo II, os informes das empresas subministradoras de servizos.

**3- Alegación nº 4, presentada por D. Amadeo López Cuñarro, en escrito de data 3 de agosto de 2012, con entrada municipal o mesmo día e núm. de rexistro 4903, representado por D. Carlos A. Couso Folgueiras.**

RESUMO DA ALEGACIÓN:

En calidade de representante de **D. Amadeo López Cuñarro**, titular do terreo n.º 2 (parcela n.º 16, polígono 63 do catastro de rústica de Lalín) incluído dentro do ámbito delimitado do Plan de Sectorización, solicita documentación e acceso ao expediente durante o mes de agosto por erro na tramitación da notificación do expediente.

CONTESTACIÓN:

Non se considera procedente, por canto a maior parte do contido desta corresponde ao instrumento de xestión correspondente que no seu momento se formule, estando as superficies dos Sistemas Xerais definidos na Memoria e Planos do Plan de Sectorización. Así mesmo, realizouse posteriormente un novo trámite de exposición pública do expediente.

**4- Alegación nº 5, presentada por D. Manuel González Aller, D. Cristobal Fernández Vázquez, D<sup>a</sup> Beatriz García Iglesias, D. Francisco Pérez Donsión, concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, en escrito de data 3 de agosto de 2012 (por erro figura 2011 no escrito) con entrada municipal o día 6 de agosto de 2012 e núm. de rexistro 4976.**

RESUMO DA ALEGACIÓN:

Preséntanse tres alegacións: a primeira delas relativa á zona de policía do "*Rego dos Balados*" na que consideran que se realizará un enorme movemento de terras modificando o ámbito, sen contar informe preceptivo de Augas de Galicia; non considerándose esa zona apta, sen un tratamento específico para ser destinada a zona verde.

A segunda alegación, relativa ao sistema viario, considera que non se garanten os enlaces axeitados coa rede viaria, con creación de problemas de tráfico e comprometéndose a seguridade vial.

A terceira e última alegación considera que as necesidades de augas que require o sector poden ser incompatibles coa capacidade de subministración municipal, non avaliándose as devanditas necesidades no Plan de Sectorización, que tampouco incorpora un informe específico da empresa concesionaria desta.

CONTESTACIÓN:

Non se consideran procedentes por canto en relación ao posible impacto sobre as augas dos movementos de terras, o correspondente informe favorable de Augas de Galicia de data 4 de setembro de 2012 e n.º 5582 de entrada no rexistro municipal, establece medidas protectoras a este respecto que se recollen no Plan de Sectorización; e en relación a posibles construcións na zona de policía remítese ao

informe do necesario proxecto de urbanización que se aprobe, que terá que materializar as determinacións do Plan de Sectorización mediante a definición detallada das obras de urbanización necesarias.

As necesidades previstas de auga para o desenvolvemento desta actuación están definidas no apartado 2.5. Infraestruturas da Memoria do Plan de Sectorización, e así recollidas no informe citado (266,36 m<sup>3</sup>/día, que equivale a 3,083 l/sg). Tamén, o Plan de Sectorización incorpora no seu Anexo II un informe específico da empresa Espina y Delfín, S.L., concesionaria dos servizos municipais de abastecemento, saneamento e pluviais.

En relación ao sistema viario, o Plan de Sectorización prevé, ademais do acceso dende o viario interior urbano (rúas 25 e Trigueiriza), o acceso principal ao sector e, en particular á zona terciaria, a través do sistema xeral viario SG-V5, de titularidade municipal que neste tramo dispón de dúas rotondas nos seus extremos (Avda. de Cruces e rúa García Sánchez). Isto posibilita os cambios de sentido, resolvendo a mobilidade nos accesos ao sector, ao igual que acontece no outro centro comercial existente ao leste do núcleo urbano. O acceso rodado principal ao sector terciario exento, o que xerará maior intensidade de tráfico rodado, realízase dende dito viario estruturante, que cunha anchura de 20 metros linda ao norte coa devandita zona, debendo definirse o deseño e solucións construtivas deste no correspondente Proxecto de Urbanización.

O Estudo Económico-Financeiro do Plan de Sectorización inclúe dentro dos gastos de urbanización as conexións exteriores do sector, tanto de instalacións coma de rede viaria, entre as que se encontra completar a correspondente urbanización do SG-V5 e a finalización da rúa Trigueiriza.

A ordenación proposta no Plan de Sectorización prevé unha reserva total de solo para 150 prazas de aparcadoiro público na rede viaria, das que 66 se localizan no SG-V5 e as restantes 84 na rede viaria interna do sector, dotación pública que é superior ao mínimo legalmente esixido de 61 prazas de dominio público. A localización das prazas de aparcadoiro no SG-V5 estará supeditada á definición dos accesos que se estableza no proxecto de urbanización sen que, en calquera caso, poidan comprometer a seguridade viaria.

**5- Alegación nº 6, presentada por D. Antonio Varela Otero, en escrito de data 16 de outubro de 2012, con entrada no Concello o mesmo día e núm. 6465, no que respecta á resolución das alegacións xa presentadas no seu escrito de alegacións anterior (identificado como alegación nº 2 presentado o 26 de xullo de 2012 e núm. de rexistro 4747).**

RESUMO DA ALEGACIÓN:

En calidade de titular do terreo n.º 3 (parcela n.º 17, polígono 63 do catastro de rústica de Lalín) incluído dentro do ámbito delimitado do Plan de Sectorización, remítese ao escrito de Alegacións presentado anteriormente (ALEGACIÓN n.º 2), solicitando que se teña por presentado este e que se lle facilite copia de documentos da titularidade dos terreos da promotora e dos correspondentes informes sectoriais evacuados.

CONTESTACIÓN:

Estímase procedente facilitar copia da documentación solicitada, sendo tamén de aplicación a esta alegación a contestación realizada á anterior alegación nº 2 presentada.

**6- Alegación nº 7, presentada por D<sup>a</sup>. Celsa Aurora Crespo Batán, en escrito do 25 de outubro de 2012. N.º de Rexistro 6639.**

RESUMO DA ALEGACIÓN:

Solicita que o Plan de Sectorización exclúa unha franxa de terreo paralela á Rolda Leste (SG-V5) pertencente a terreo ("Leira F") da súa propiedade, parcela catastral 62 do polígono 63. Tamén expón que non están xustificadas os valores dos custos de urbanización e do aproveitamento tipo que figuran na Memoria de Sostibilidade Económica, que considera sobrevalorados, o que provoca indefensión para a defensa dos seus intereses.

## CONTESTACIÓN:

Non se considera procedente, por canto a franxa de terreo mencionada corresponde con terreos afectados polo Sistema Xeral Viario SG-V5, que nese tramo ten unha anchura de 20 metros.

O Plan de Sectorización non establece valores do aproveitamento tipo. En todo caso, o valor do aproveitamento urbanístico deberá xustificarse no correspondente instrumento de xestión que se formule. A estimación económica realizada dos gastos de urbanización corresponde coa previsión e co alcance que a este respecto realiza o Plan de Sectorización, valoración que deberá concretarse e xustificarse segundo as medicións e presuposto detallado das obras de urbanización necesarias para o desenvolvemento do ámbito que defina o correspondente Proxecto de Urbanización.

**Segundo.-** Rexeitar a existencia de posibles irregularidades normativas e procedimentais na tramitación do expediente sinaladas no escrito presentado por D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Soledad Bellot Fernández o 06/02/2013 (entrada municipal núm. 836), xa que non se produciron, e no que solicita tamén copia completa de toda a documentación e comunica a presentación de denuncia urbanística ante a Consellería competente en materia de urbanismo, con base nos motivos indicados para os efectos no informe conxunto do arquitecto técnico municipal, D. Antonio Bernárdez Nogueira e o asesor urbanístico do Concello, D. Javier Bugallo Thielen previo á aprobación definitiva de data 15 de novembro de 2013, que de seguido se detalla:

**(..) “Cumprimento da normativa urbanística.**

*O Plan de Sectorización cumpre cos estándares urbanísticos de aplicación establecidos polo Plan Xeral Municipal e pola lexislación urbanística.*

### **1. Delimitación do ámbito.**

*O ámbito delimitado polo plan de sectorización presentado cumpre coas condicións particulares do Solo Rústico Común de Desenrolo (SR-D) establecidas no Capítulo IV do Libro Primeiro. Normativa do P.X.O.M.*

*O PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO DE DESARROLLO “TRIGUEIRIZA” DO P.X.O.M. DE LALÍN (PONTEVEDRA) desenvolve terreos clasificados como Solo Rústico Común de Desenvolvemento (SR-D) do plan xeral aos que, conforme ao establecido no apartado d) da Disposición Transitoria Primeira da LOUG, aplícaselles o disposto na lei para o solo urbanizable non delimitado, e cuxo desenvolvemento se realiza mediante plans de sectorización segundo o establecido no artigo 66 da mesma, establecéndose no propio plan de sectorización presentado a delimitación do sector obxecto de desenvolvemento conforme ao apartado 3.a) do devandito artigo; non habendo, por tanto, ningún reaxuste de ámbito delimitado previamente polo plan xeral tal como se expresa erroneamente no epígrafe PRIMEIRO, apartado a) do escrito presentado en denuncia urbanística formulada de data 06/02/2013. Así mesmo, a xustificación da clasificación dos terreos do sector como solo rústico común de desenvolvemento (SR-D) e, por tanto, a súa consideración legal como solo urbanizable non delimitado, vén establecida no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín; non sendo, consecuentemente, ningunha modificación do plan en solo rústico tal como se expresa equivocadamente no apartado b) do antedito epígrafe PRIMEIRO da citada denuncia.*

*A delimitación do ámbito do plan de sectorización cumpre tanto o disposto no artigo 49.2 da LOUG que establece:*

**“2. O solo urbanizable dividirase en sectores aos efectos da súa ordenación detallada e de aplicación dos estándares establecidos na presente Lei, que deberán ter unha extensión mínima de 20.000 metros cadrados ou a superior que fixe o planeamento. Os sectores delimitaranse utilizando preferentemente**

os límites dos sistemas xerais e os elementos naturais determinantes, de forma que se garanta unha adecuada inserción do sector dentro da estrutura urbanística do plan xeral. No solo urbanizable delimitado inmediato ao solo urbano, o plan xeral poderá delimitar sectores de menor superficie, sempre que resulte viable técnica e economicamente o cumprimento dos estándares urbanísticos”.

Así como o disposto no artigo 240 da Normativa do plan xeral que establece:

“...As áreas de repartición coincidirán cos sectores que se delimiten con ocasión da redacción dos plans parciais, incluíndo naquelas os terreos destinados a sistemas xerais. **Os sectores que a estes efectos se delimiten deberán abarcar unha área continua de superficie mínima de 3 Ha.**, sen considerar neste cómputo a asignación dos correspondentes sistemas xerais que deberán ter unha superficie...”

O ámbito do sector, incluídos os sistemas xerais interiores, conforma unha superficie continua de 3,49 Ha., correspondendo 3,03 Ha. ao sector sen considerar a asignación a sistemas xerais, tal como se establece no citado artigo 240 do plan xeral. A delimitación do ámbito do Plan de Sectorización vén definida, ao oeste e sur, polo límite do solo urbano do plan xeral; ao leste, maioritariamente pola canle natural do arroio Balado e outra parcela lindeira propiedade da empresa promotora; e ao norte, polas partes, localizadas ao norte do sistema xeral viario existente SG-V.5, de parcelas que integran o sector do plan de sectorización aos efectos da inclusión no mesmo da totalidade das súas superficies ao obxecto de evitar restos das mesmas non incluídos neste plan de desenvolvemento.

Así mesmo, se cumpre co criterio de programación establecido no apartado 5 do artigo 240 do plan xeral, por canto este non ten definido nin programado ningún sector de solo urbanizable delimitado co mesmo uso e tipoloxía característicos que o plan de sectorización (terciario-comercial) e, por tanto, non ten programado ningún destes desenvolvementos polo sistema de cooperación ou, no seu caso, expropiación, como erroneamente expresa a denuncia urbanística presentada no seu epígrafe SEGUNDO.

## **2. Límites de sustentabilidade e parámetros de calidade de vida e cohesión social.**

O plan de sectorización cumpre cos estándares urbanísticos establecidos nos artigos 46 e 47 da LOUG, así como a densidade de vivendas e edificabilidade máximas establecidas no artigo 240 do plan xeral para o plan de desenvolvemento do Solo Rústico Común de Desenvolvemento (SR-D).

1. Os usos previstos no plan de sectorización corresponden cos permitidos polo plan xeral nesa clase de solo, que no artigo 241 da súa Normativa establece:

“Considéranse usos compatibles os residenciais, terciarios e dotacionais nas áreas de solo rústico común aptas para desenvolvemento urbanístico que se delimitan na periferia do núcleo urbano de Lalín; e os industriais, terciarios e dotacionais que se definen na contorna do Polígono Industrial Lalín-2.000, segundo os ámbitos definidos no presente Plan Xeral...”

2. O número máximo de vivendas previsto no plan de sectorización é de 52, o que representa unha densidade de 34,3 Viv./Ha respecto ao ámbito de uso residencial definido, sendo unha cifra inferior ao máximo de 35 viv/Ha. permitido polo plan xeral.

3. A superficie edificable total do plan de sectorización é de 10.482,60 m<sup>2</sup>c, que supón un coeficiente de 0,30 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>, cumprindo co establecido a este respecto no artigo 46.4 da LOUGA.

4. A reserva de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública prevista no plan de sectorización é de 1.777,44 m<sup>2</sup>c, que supón o 40% da súa superficie total edificable residencial, sendo

superior ao 30% establecido na Disposición Adicional Novena da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia por remisión do apartado 11 do artigo 47 da LOUG.

5. Os sistemas xerais definidos no plan de sectorización cumpren co establecido tanto no artigo 47 da LOUG como no artigo 240 da Normativa do Plan Xeral.

6. Segundo a LOUGA:

De espazos libres e zonas verdes de dominio e uso públicos, en proporción non inferior a 15m<sup>2</sup>/100m<sup>2</sup> edificables de uso residencial =  $(15\text{m}^2/100) \times 4.443,60 \text{ m}^2 = 666,54 \text{ m}^2$ .

De equipamento comunitario de titularidade pública, en proporción non inferior a 5m<sup>2</sup>/100m<sup>2</sup> edificables de uso residencial =  $(5 \text{ m}^2/100) \times 4.443,60 \text{ m}^2 = 222,18 \text{ m}^2$ .

7. Segundo o PXOM:

Superficie non inferior ao 25% do sector = 25% de 30.336,28 m<sup>2</sup> = 7.584,07 m<sup>2</sup>.

8. O Plan de Sectorización establece as seguintes cesións:

Sistema Xeral Viario (SG-V-5) = 3.717,00 m<sup>2</sup>.

Sistema Xeral de Equipamento Deportivo (SG-ED) = 222,18 m<sup>2</sup>.

Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes (SG-EL) = 666,54 m<sup>2</sup>.

Sistema Xeral de Espazos Libres e Zonas Verdes (S.R.-P.3.) = 5.093,00 m<sup>2</sup>.

O que representa un total de 9.698,72 m<sup>2</sup> de solo destinado a Sistemas Xerais, superficie superior ás legalmente requiridas.

9. Os sistemas locais definidos no plan de sectorización cumpren co establecido tanto no artigo 47 da LOUG como no Anexo ao Regulamento de Plan. Reservas de solo para dotacións en plans parciais, segundo se detalla na Memoria do plan de sectorización.

### **Cumprimento da normativa ambiental.**

O expediente do PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO DE DESENVOLVEMENTO "TRIGUEIRIZA", en cumprimento do establecido na Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, foi remitido ao órgano ambiental competente para a determinación de sometemento ou non do mesmo ao procedemento de AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA, acordándose en data 26/10/2011, pola Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non someter ao procedemento de AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA, sendo, por tanto, erróneo o expresado en relación a esta tramitación ambiental no epígrafe TERCEIRO da denuncia urbanística formulada.

Así mesmo, en relación á proximidade da canle do Rego dous Balados o expediente do plan de sectorización conta con informes emitidos polo organismo autonómico competente, Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con datas de entrada no rexistro municipal 16/09/2012 e 5/10/2012.

O Plan de Sectorización incorpora no apartado 2.12 da súa Memoria un epígrafe de XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE RUÍDO.

Examinada a documentación presentada do PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO DE DESENVOLVEMENTO "TRIGUEIRIZA" DO P.X.O.M. DE LALÍN (PONTEVEDRA) considérase, por parte

dos técnicos abaixo asinantes, que este plan de desenvolvemento cumpre e é conforme coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín e coa lexislación vixente.”

**Terceiro.-** En canto ás solicitudes de documentación do expediente que figuran nas alegacións presentadas por *D. Manuel González Aller*, concelleiro do PSdeG-PSOE, escrito de data 30 de xullo de 2012, con entrada no rexistro municipal o mesmo día co núm. 4848 (**Alegación nº 3**), *D. Antonio Varela Otero*, en escrito de data 16 de outubro de 2012, con entrada no Concello o mesmo día e núm. 6465 (parte da **Alegación nº 6**) e *D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Soledad Bellot Fernández* en escrito con entrada municipal o 06/02/2013, estímase procedente acceder a facilitar copia de documentación concreta e determinada, segundo consta no expediente administrativo.

**Cuarto.- Aprobar definitivamente o PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO RÚSTICO DE DESARROLLO “TRIGUEIRIZA” DO P.X.O.M. DE LALÍN (PONTEVEDRA) de iniciativa particular da entidade AVENIDA TRIGUEIRIZA, S.L.**

**Quinto.-** Notifíquese ós interesados e tramítese conforme ó establecido no artigo 92 da LOUGA.

## **6.- MOCIÓNS DO BNG.**

### **6.1.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á QUERELA ARXENTINA CONTRA OS CRIMES DO FRANQUISMO.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción de data 12 de novembro de 2013, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 6859. De seguido Sr. Secretario deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do 28 de novembro de 2013.

*Neste intre, sendo as 12, 51 horas, saíu temporalmente da sesión D<sup>a</sup> Beatriz García Iglesias, quedando o grupo socialista con tres membros e con vinte os asistentes.*

Na defensa da moción **D. Xesús Cudeiro Budiño, do BNG**, explicou en breves palabras o que se pretendía, que podía resumirse en que se adoptase un acordo que representase un apoio e un referendo á querela presentada en Arxentina sobre os crimes do franquismo. Esta iniciativa supuña un respaldo ao respecto aos dereitos humanos en todo o Estado español.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** adiantou o voto favorable do seu grupo a esta moción, respaldando a actuación de organismos internacionais neste eido, mesmo derogando as leis que impiden investigar e castigar esta materia en España. De todos os xeitos, coidaba que o que se fixera, tería poucas consecuencias, porque a meirande parte dos afectados e dos responsables xa faleceron.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, aínda que dixo estar de acordo no fondo coa petición da moción, coidaba que neste momento de crise política e de crispación non o vía necesario. Por elo absteríase.

Polo grupo popular, **D. Román Rodríguez González** remitiuse ao acordo adoptado no Parlamento de Galicia sobre esta materia. Eles tiñan unha emenda do PP, e no caso de ser aceptada, apoiarían a moción do BNG. No caso de non aceptala, rexeitarían a moción. A emenda dicía:

O Pleno municipal acorda reafirmar a condena da ditadura franquista e a reprobación de calquera manifestación realizada por cargos públicos nas que se xustifiquen os crimes e asasinatos producidos durante o franquismo, secundando deste xeito sendas resolucións do Parlamento de Galicia aprobadas nos anos 2008 e 2012.

Finalmente o edil indicou que había partes da moción que despois de tanto tempo e dos acontecementos transcorridos, xa non tiñan sentido nen mencionar, como sucedía por exemplo coa petición de que se derogase a lei de amnistía de 1977.

De novo **D. Xesús Cudeiro Budiño** dixo que estarían a favor da emenda, pero non entendía por que non se podía reclamar a investigación dos crimes franquistas e que os xuíces puidesen actuar, e non actuando coma en Chile onde se acordou non xulgar a Pinochet.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** tras indicar que ningún dos presentes neste órgano plenario tiñan vínculos afectivos ou persoais con esas persoas dese período da nosa historia, insistiu en que como non se aceptaba a súa emenda, rexeitarían a moción. Rematou afirmando que non era bo revolver no pasado, non tendo sentido investigar agora no que pasou hai tanto tempo.

*Na moción pedíase que o Pleno acordase:*

1.- Condenar a sublevación militar fascista dirixida por Francisco Franco, en xullo de 1936, contra o réxime republicano lexitimamente constituído no ano 1932, e o réxime ditatorial posterior que durante corenta anos reprimiu con terrorismo de Estado todo vestixio de disidencia e loita pola liberdade, a xustiza social e os dereitos das persoas, e que levou a cabo máis de 5.000 asasinados en Galiza.

2.- Condenar o papel xogado por boa parte das oligarquías agraria, industrial e financeira e a xerarquía da Igrexa católica polo seu apoio ao golpismo e ao réxime fascista que se instaurou despois.

3.- Adoptar desde o goberno municipal as medidas necesarias para garantir ás persoas represaliadas pola rebelión militar de xullo de 1936, polo réxime franquista e o terrorismo de Estado, o exercicio dos seguintes dereitos:

- O dereito a coñecer a verdade sobre aquel réxime, para contrarrestar os intentos de reescribir a historia que veñen facendo por parte dos seus herdeiros.
- O dereito á xustiza efectiva para superar o actual estado de impunidades dos responsábeis dos crimes contra a humanidade cometidos.
- O dereito a unha reparación digna e non discriminatoria para centenaes de vítimas do franquismo.

4.- Apoiar e adherirse á Querela 4591-10, do Xulgado Nº 1 de Bos Aires, República Arxentina, que leva adiante a maxistrada María Servini por delitos de xenocidio e lesa humanidade contra os responsábeis da conculcación dos dereitos humanos durante o franquismo.

5.- Solicitar do goberno do Estado español que cumpra a recomendación da Comisión de Dereitos Humanos da ONU e derogue a Lei de amnistía de 1977 para poder xulgar os crimes do franquismo no Estado español.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: cinco*, sendo dous (2) do BNG e tres (3) do PSdeG-PSOE.

*Votos en contra: catorce (14)* do PP.

*Abstencións: dúas (2) do PGD e outra do PSdeG-PSOE, por atoparse ausente no momento da votación D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

## **6.2.- MOCIÓN DO BNG PARA PARALIZAR A VENDA DE NOVAGALICIA BANCO.**

Deuse conta pola Presidencia desta moción de data 12 de novembro de 2013, entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 6860. De seguido do Sr. Secretario xeral leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 28 de novembro de 2013.

Neste intre, sendo as 13,03 horas incorporouse á sesión **Dª. Beatriz García Iglesias**, quedando con catro os membros do grupo socialista, e estando presentes a totalidade dos membros da Corporación.

Na exposición e defensa da moción, polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** deu lectura á moción e repetiu o que se pedía na parte dispositiva, sinalando que se trataba de defender os aforros e os intereses de todo o pobo galego, sendo necesario a subsistencia desta entidade galega no mapa financeiro.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** tamén indicou que apoiaba a moción. Ter esta entidade galega no mundo financeiro custou moito tempo e moito esforzo. *“Agora quérena regalar”*, dixo. Coidaba que os compradores non debían ser fondos de inversión estranxeiros, senón bancos nacionais, porque aqueles buscaban só a especulación e a obtención dun beneficio rápido; cando o obteñan, marchan; os segundos eran máis estables e quedaríanse.

Do PGD, **D. Camilo Conde López** sinalou que estabamos diante dun serio problema, porque esta entidade recollía o aforro da meirande parte dos galegos. Había que defender a toda costa a galegidade da mesma. Estaba de acordo coa moción en debate, pero pensaba que sería mellor que os adquirentes da mesma fosen fondos de inversión estranxeiros, porque así o poder de decisión continuaría a estar en Galicia e os efectos da adquisición serían menos traumáticos (oficinas e persoal) que no suposto de que a compra se efectuase por bancos españois.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** indicou que a situación actual era produto de moitos cambios e vicisitudes. As caixas de aforro pasaron momentos moi difíciles. Agora o FROB era dono da mesma e estaba detrás de todo. Con todo, esperaba que se recuperen os fondos inxectados e que o banco siga a súa vida.

O PP quería que esta entidade siga traballando en Galicia. Había esa posibilidade de que ou ben un fondo de inversión estranxeiro ou ben un banco nacional adquiran a antiga caixa galega. Ao parecer se era o fondo de inversión seguirían abertas máis oficinas e habería menos despedidos. Xa se vería. De todos os xeitos, tendo en conta que había compradores, isto era bo sinal, porque demostraba que a entidade era viable.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que a moción ía contra a venda desta entidade financeira, un proceso que aínda non estaba pechado.

Doutra banda coidaba que os preto de nove mil millóns de euros concedidos polo FROB eran irrecuperables e así había que consideralos.

De seguir adiante o proceso, as opcións que había para vender a entidade financeira eran dúas e distintas; pero había outra opción: a Xunta de Galicia podía facer o mesmo que fixo co lixo, creando unha empresa mixta con participación maioritaria pública.

En suma, coidaba que esta venda non era correcta, prexudicaba a Galicia e supuña privala a Galicia do seu instrumento financeiro máis importante, que recollía ademais os aforros de todos os galegos.

Tamén do grupo socialista **D. Manuel María González Aller** volveu insistir en apoiar a proposta. De non dar marcha atrás no actual proceso de privatización, apostaba porque fose un banco nacional quen comprase Novagalicia Banco, porque xa tiña unha clientela permanente e fidelizada, e non ía marchar en caso de obter beneficios ou perdas.

Os fondos de inversión buscaban só unha rendibilidade rápida. *“En canto a teñan, venderán todo”*, afirmou. A estes fondos non lles interesaban conceder créditos, senón especular para gañar cartos dun xeito rápido, e non observaban ningunha clase de ética financeira no seu comportamento.

Nesta segunda rolda, **D. Camilo Conde López** coidaba que había que manter esta entidade galega, que esta era a mellor opción. De non ser así, avogaba porque fose un fondo de inversión e non un banco, porque aquel ten un compromiso estable e non ía marchar. Non obstante prefería manter a entidade como estaba hoxe sobre as dúas opcións. Apoiaría a moción.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** explicou que esta entidade financeira, coma outras caixas de aforros levaba anos de locura, porque abarcaron campos de actuación distintos do seu propio. O Banco de España non vixiou nin inspeccionou nada neste tempo; “foron anos de “locura”. Isto conduciu ao crack económico.

Nesta entidade financeira como noutras, metéronse cartos públicos. Hoxe a xestión era positiva e a evolución favorable grazas ao labor realizado polo equipo do Sr. *Castellanos*.

Prefería que fose un banco, aínda que por exemplo o Banco Santander non se pode afirmar que fose español, porque tiña negocios en moitos sitios e lugares, e accionistas de todos os países.

Rematou reafirmando que era unha boa nova que houbera pretendentes para adquirir esta entidade financeira; afirmou: “*sería mala, se non houbera posibles compradores, pero afortunadamente si que os hai*”.

Na moción pedíase instar á Xunta de Galiza a:

1. *Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.*
2. *Demandar do Congreso dos Deputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.*
3. *Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.*
4. *Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do Concelleiro do PGD.*

*Votos en contra: catorce (14) do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

### **6.3.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG de data 12 de novembro de 2013 con entrada municipal do mesmo día 12 e co número de rexistro 6861. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 28 de novembro de 2013.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** comezou a súa exposición dicindo que lle daban pena as declaracións que se fixeron sobre este tema. As previsións eran que a partires do mes de xullo deste ano, o Concello de Lalín terá que pagar, ao igual cos demais concellos un 34 % máis polo concepto de canon a Sogama. Nesta empresa mixta a Xunta de Galicia tiña un 51 % de capital e podía decidir. Indicou que en Galicia era un clamor esta suba, e mesmo algúns ou moitos alcaldes do PP estaban en desacordo.

Estes tiñan dúas opcións: ou ben repercutir na taxa do lixo esta suba aos veciños ou ben, se non o facía, pagalo con cartos das propias arcas municipais. En calquera caso, os veciños o seguirían pagando.

Á vista das verbas do Sr. Alcalde, coidaba que, se o máximo mandatario prometese ter en consideración celebrar unha xunta de voceiros para estudar a maneira de responder a esta situación,

se podía negociar e mesmo retirar a moción. Pediu, polo tanto, ese compromiso. No caso contrario, o seu grupo a mantería; e no caso de incumprimento, volvería a presentala.

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, **D. Manuel González Aller** indicou que eles tamén estaban en contra deste pretendido incremento no canon a Sogama. Estaban tamén en contra do espírito do sistema que había en Galicia, de incinerar o lixo. “*Sempre estivemos en contra*”, afirmou, e loitaron contra isto. Propuxo como exemplo a seguir o sistema da planta do Barbanza, aínda que pasa por apuros nestes intreos, xa que a Xunta de Galicia non lle concede subvencións ou axudas, como si o fai con Sogama.

Lembrou que hoxe había alcaldes morosos que non pagaban as súas débedas. Dixo que Sogama en oito anos aumentou o seu canon un 70 % e que iso demostraba que non era viable este sistema. Agora coa suba do 34 % da que se falaba, estamos diante dunha verdadeira barbaridade, máxime nos tempos de crise nos que estamos. Non estaban de acordo coa solución de Sogama. “*Como non teñen capacidade para incinerar o lixo, entérrano*”, afirmou.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, indicou que estaba en contra do sistema de incinerar o lixo de Sogama. Coidaba que había que buscar novas fórmulas para tratar o lixo e contribuír así a salvar a difícil situación económica desta empresa. Estaba de acordo coa moción.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que: “*o lixo era unha merda*”. Indicou que non había solucións, ni milagres que resolvan o problema. Era certo que a Xunta de Galicia acordou que esa suba do 34 % se efectúe a partires do día un de xullo do vindeiro ano. Fixo historia do tema do lixo, do sistema de incineración, de que todo se sabía, de que o volume do lixo impide o seu tratamento, de que moito se enterraba, e de que non tiña moito sentido seguir así.

As razóns de que houbese máis lixo eran diversas. Hoxe non se queimaba nada na aldea Desde os *cañotes da col*, ata calquera clase de material, mesmo restos de obras de construción, todo se botaba nos contedores de lixo. Nesta situación o Concello tiña e quería reducir os quilos de lixo que se botaban indebidamente. Así como o aforro enerxético fixo que se baixara en preto de 50.000 € o gasto en consumo de luz, podía tamén aforrarse no lixo. O Concello tiña esa asignatura pendente.

Estaba disposto a ter esa reunión coa oposición á que se refería o voceiro nacionalista. Lembrou que no proxecto inicial de Sogama estaba previsto que se instalasen unhas dez plantas de compostaxe, unha por cada comarca galega. Estaba disposto a estudar a posible instalación da planta que correspondería ao Deza.

Había unha conclusión: si era viable, a oposición tería que pactar tamén co goberno municipal a ubicación da mesma. Esta elección do lugar da mesma tería que ser acordado por unanimidade. Logo se farían as análises e estudos ambientais que fixeran falta.

Referiuse aos inconvenientes que xeraba o lixo. Por exemplo a planta de Lousame, no Barbanza, cheiraba coma se fose unha granxa de porcos e funcionaba moi regular. Non obstante reiterou que estaba disposto a estudar e a reunirse coa oposición con esa condición: a elección por unanimidade da Corporación da ubicación da planta comarcal.

Na segunda rolda de intervencións, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que aceptaba as verbas do Sr. Alcalde, aínda que estar dentro de Sogama dun xeito ou doutro non lle gustaba tanto.

De todos os xeitos afirmou que retiraba a moción, á espera de que se convoque á xunta de voceiros. De non convocarse ou se non se vai facer nada, traerían de novo a sesión esta moción.

Estaban de acordo coa instalación dunha planta de compostaxe, de reciclar e reutilizar, sobre todo na zona rural e tamén na zona urbana.

A moción foi retirada polo grupo municipal do BNG.

**7.- SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, A PETICIÓN PROPIA, EN RELACIÓN ÁS XESTIÓNS REALIZADAS PARA CAMBIAR O SUBMINISTRO DE DE GAS A LALÍN DE GLP A GAS NATURAL, E PARA EXPLICAR O PROXECTO DE DEPODEZA EN MOURISCADE.**

Deuse conta pola Presidencia do escrito da Alcaldía de data 22 de novembro de 2013 con entrada municipal do mesmo día 22 e co número de rexistro 7132. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 28 de novembro de 2013.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, quería empezar a comparecer dando explicacións, cando os membros do grupo socialista lle pediron que se votase a solicitude de comparecencia, ditaminada pola Comisión Informativa e que de aprobarse, esta sería na vindeira sesión plenaria. O Sr. Alcalde pediu asesoramento ao Sr. Secretario. Este funcionario explicoulle que había que votar a comparecencia. No caso de acordarse o ROF establecía que esta sería na vindeira sesión plenaria.

De seguido o Sr. Alcalde retirou a solicitude de comparecencia.

Por vía de **URXENCIA**, propuxo a dación de conta e un informe sobre os mesmos temas que figuraban na orde do día: o cambio de gas licuado a gas natural e sobre o programa Depodeza:

A continuación someteuse a votación a urxencia e obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14), dos Concelleiros do PP.*

*Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG.*

*Abstencións: unha (1) do Concelleiro do PGD.*

De seguido os catro edís do PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller, D. J.A.Cristóbal Fernández Vázquez, D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias e D. Francisco Pérez Donsión** abandonaron a sesión temporalmente, sendo as 14,09 horas, quedando en dezasete o número total de asistentes.

En consecuencia. Aprobouse a urxencia e o Sr. Alcalde-Presidente pasou a explicar o contido do informe e da dación de conta.

**INFORME E DACIÓN DE CONTA DA ALCALDÍA DAS XESTIÓNS REALIZADAS PARA CAMBIAR A REDE DE GAS DE LALÍN DE GLP A GAS NATURAL E SOBRE O PROXECTO DEPODEZA EN MOURISCADE.**

Explicou **D. Xosé Crespo Iglesias** que actualmente había en Lalín un subministro de Repsol. Había, non obstante, un proxecto de chegar o gas natural a gran parte de Galicia, mediante a instalación dun gasoducto que ven de Cuntis, pasa pola Estrada, Silleda, e chega a Lalín, nun programa dos anos 2011-2019.

Tratábase de axilizar a execución deste proxecto, e cada ano habería que realizar unha parte, levando o gas por gasoducto por unha parte dos municipios afectados. Había dúas formas de gasificar, para os que non o souberan: unha por gasoducto e outra por instalación dunha planta satélite, e abastecerían a mesma por camións. Este sistema é o actual de Repsol que é a propietaria da planta, e que podería vender a Gas Galicia a rede, que con acondicionamento e modificacións podíase usar. Sería unha venda dunha empresa a outra.

Sinalou que o grupo socialista dixo hai días na prensa que hai moitas empresas interesadas en traer o gas a Lalín. Isto era mentira, porque só hai dúas empresas en Galicia, Gas Galicia e Repsol. Non saben o que din, dixo.

Como Alcalde tiña que dar unha nova moi boa: que era posible que houbera un cambio de abastecedor de gas natural a Lalín, pasando de Repsol a Gas Galicia. Citou algunha reunión que xa houbo entre Unión Fenosa e Repsol, importante para estudar e decidir sobre este asunto. Hoxe o consumo de gas en Lalín era baixo, porque resultaba caro o seu consumo. Co cambio a gas natural habería unha redución do prezo e unha mellora para todos. Reiterou que estaba pendente dunha reunión das partes afectadas, para ver se era viable esa venda da planta de Repsol a Gas Galicia. Isto sería importante, porque dinamizaría Lalín, abarataría o custo do gas, e sería positivo para todos.

Sobre o segundo tema, o proxecto **DEPODEZA** e o proxecto do “porco lalaíno”, dixo que era parte dun proxecto europeo concedido polo goberno daquela do PSOE en Madrid, que presidía o Sr. *Rodríguez Zapatero*, aprobado o 11-2-2011 e 22-6-2011. Deu datos e cifras sobre as probabilidades e porcentaxes dos experimentos a realizar que tiñan como misión realizar as mesturas en varias fases para conseguir un porco propio de Lalín que sexa útil na produción industrial porcina.

Grazas ao porco moitas familias vivían e podían traballar en Lalín. “*Eu pedín este apartado*”, dixo. O experimento sería con catro nais en varias fases, F1, F2 e así ata catro, para conseguir unha carne cunha grasa menos danina coa mestura de porco da variedade *Duroc*, con *Mangalica* e *Landrán*. De aí saíran as primeiras nais e porcos; logo verase o índice de convertibilidade; sacrificaranse, cruzaranse de novo e faranse experimentos con veterinarios e co maior rigor técnico e científico, todo baixo a supervisión da Consellería e da Secretaría do Medio Rural.

As sucesivas catas valoraranse e estudaranse. De todas estas fases podería saír un produto: un porco ideal. Se sae ben, será un impacto importante e unha marca significativa para Lalín. A industria porcina en Lalín aumentaría e tería maior peso económico en Lalín e na comarca. Criaríanse de xeito industrial. O nome sería Porco Lalaino.

**D. José Luis Sucasas Fernández** do BNG preguntou se a inseminación destes porcos na primeira fase sería natural ou con veterinario.

**O Sr. Crespo Iglesias** manifestou que sería artificial, e duraría entre 7-12 meses; logo veríase a convertibilidade e levaríase todo o proceso con control sanitario por veterinarios.

O proxecto estaba dotado con 50.000 euros. Os efectos no mundo da empresa serían positivos. De conseguir unha raza ou un exemplar o efecto sería innegable e impactante para Lalín. De non conseguilo sempre sería un aporte científico significativo, porque serían datos e estudos realizados que servirían de base para calquera outro experimento cara ao futuro.

**O Concello Pleno quedou enterado.**

Sendo as 14,56 horas, **D. Manuel María González Aller, D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez, e D. Francisco Pérez Donsión** entraron no salón de sesións e ocuparon os seus asentos, quedando o grupo socialista con tres membros.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **8.1.- ROGOS.**

**D. Camilo Conde López**, formula o seguinte ROGO:

Diante a solicitude da comunidade educativa do Colexio Sagrado Corazón de Lalín, que se amosou preocupada polos riscos existentes polas condicións temerarias nas rúas Penatoares e do Parque, que demanda a instalación de pasos de peonís elevados, así como sinalización luminosas adecuadas, polo que ten a ben SOLICITAR.

- Que sexa atendida esta petición. No caso de ser positivo que se fixe un prazo máximo que se considere necesario para a súa execución.

– Ou si vai ser desestimada.

Axúntase a petición feita e asinada polo equipo directivo do Centro Sagrado Corazón.

**O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.**

## **8.2 PREGUNTAS.**

Non houbo.

D. **J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** pediu turno para formular rogos e preguntas.  
O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que el non deu autorización para incorporarse á sesión aos membros do grupo socialista.

**D.J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** pediu que se fixese constar en acta.

E, sendo as catorce horas e cincuenta e sete minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión.  
De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente